

17 XULL. 2017

Entrada nº: 3615

Saída nº:

Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN relativa a falta de socorristas e servizos nos areas do noso concello .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un ano mais o Alcalde e o seu equipo de goberno non foron capaces de iniciar o servizo de socorristas nos nosos areas dende o primeiro de Xullo, co agravante de que aínda non se convocaron as probas de selección dos mesmos. Tampouco se instalaron as boias necesarias de separación entre os bañistas e as embarcación para garantir a seguridade dos mesmos e tampouco se procedeu a contratación do persoal para limpeza das praias.


Todo elo unido, estre outros o desmantelamento fai meses do parque biosaludable de cabio sen reposición ata agora, o estado dos accesos os areas e do seu entorno, poñen de manifesto o pouco interese, a incapacidade e a falta de planificación do Alcalde e da concelleira de turismo por cubrir servizos e necesidades básicas e necesarias para garantir e mellorar a seguridade e as condicións de uso dos nosos areas.

A Pobra do Caramiñal

2
Por elo o grupo municipal do Partido Popular somete a aprobación do Pleno o seguinte acordo:

Reprobar ao Alcalde e a concelleira de turismo pola falta de planificación no inicio do servizo de socorristas, de limpeza, de instalación das boias marítimas, de acceso nos areas do noso concello

Pobra a 14 de Xullo de 2017



Manuel M^a Durán Guillán

Concelleiro do Grupo Municipal do PP

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA
DO CARAMIÑAL**